

INFORME DE FACENDA LOCAL

ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NUM. 406 PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

Recibida proposta do Servizo de Educación para a modificación da ordenanza núm. 406 do prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria e para os efectos de dar cumprimento ao Decreto 6176/2025, do 19 de xuño de 2025, tramítase o expediente de modificación da devandita ordenanza de conformidade ás disposicións contidas no artigo 49 Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 56 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e o artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Ao non tratarse a devandita ordenanza dunha ordenanza fiscal, como trámite previo, de conformidade co establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Concello de Lugo realizou o trámite de consulta pública, no prazo establecido dende o 25/06/2025 ata o 15/07/2025, ambos inclusive, a fin de solicitar a opinión dos suxeitos e organizacións máis representativas potencialmente afectados pola referida norma. No devandito prazo non se presentou ningunha opinión nin suxerencia.

Recóllense a continuación os cambios propostas pola Concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento:

ORDENANZA NUM. 406 PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

- 1) Modificación do artigo 2º. Obrigados ao pago.
Cámbiase a utilización do termo usuario habitual por usuario fixo. Nova regulación da distinción, descripción e condicións dos usuarios habituais e esporádicos.
- 2) Modificación do artigo 3º. Cotas
Aos efectos do establecemento das cotas a aboar, cámbiase a utilización do termo prestación ordinaria por prestación fixa.
- 4) Modificación do artigo 4º. Procedemento de pagamento.
Modifícase a regulación da formalización da asistencia, das baixas, das faltas de

asistencias e os seus efectos. Esténdese a domiciliación bancaria a tódalas prestacións. Regulación da determinación do cálculo do importe do recibo (sen que a devandita regulación implique modificación das tarifas) e regulación dos efectos da falta de pagamento das mensualidades.

As devanditas modificacións non implican modificación das tarifas.

En virtude do exposto, e de conformidade co disposto no artigo 127.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, (TRLRFL), e no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a súa tramitación axustarase ó seguinte:

PRIMEIRO.- Someter a aprobación á Xunta de Goberno Local o proxecto de modificación da Ordenanza número 406 reguladora do prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria.

SEGUNDO.- De ser aprobado o devandito proxecto, elevarase ao Excmo Concello Pleno para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que se consideren oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.

CUARTO.- De terse presentado reclamacións, estas deberán valorarse pola Xunta de Goberno Local, que decidirá se modifica ou mantén o texto inicial, con carácter previo á resolución polo Pleno das reclamacións presentadas e aprobación da redacción definitiva das modificacións propostas da Ordenanza.

Deberá publicarse o texto integro da ordenanza definitivamente aprobada ou da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e editarse o texto íntegro da ordenanza dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente.

Asinado dixitalmente por Isabel Carbonés Bosch, Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica (Manuel Louzao Aldariz), na data que se indica á marxe.